

## REGULAMENTO DOS TRABALLOS FIN DE GRAO DA TITULACIÓN DE GRAO EN FISIOTERAPIA IMPARTIDA NA FACULTADE DE FISIOTERAPIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

<b>PREÁMBULO</b> .....	2
<b>CAPÍTULO I. Disposicións xerais</b> .....	2
<b>Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación</b> .....	2
<b>Artigo 2. Normativa aplicable</b> .....	2
<b>CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG</b> .....	3
<b>Artigo 3. Matrícula do TFG</b> .....	3
<b>Artigo 4. Realización do TFG</b> .....	3
<b>CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados</b> .....	6
<b>Artigo 5. Oferta e asignación do TFG</b> .....	6
<b>Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos</b> ..	7
<b>CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación</b> .....	8
<b>Artigo 7. Defensa do TFG</b> .....	8
<b>Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG</b> .....	10
<b>CAPÍTULO V. Disposición finais</b> .....	13
<b>Disposición derogatoria. Derrogación normativa</b> .....	13
<b>Disposición final primeira. Habilitación</b> .....	13
<b>Disposición final segunda. Entrada en vigor</b> .....	13

## PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de grao (TFG) na titulación de Grao en Fisioterapia impartida na Facultade de Fisioterapia da Universidade da Coruña (UDC).

## CAPÍTULO I. Disposicións xerais

### Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFG na titulación de Grao en Fisioterapia impartida na Facultade de Fisioterapia da UDC.
2. Será de aplicación a todo o estudiantado matriculado na materia TFG da titulación de Grao en Fisioterapia da Facultade de Fisioterapia da UDC, regulada por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

### Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do traballo fin de mestrado (TFM) da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.
2. Asemade, serán de aplicación as seguintes normas reguladoras:
  - a) Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
  - b) ORDE CIN/2135/2008, do 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de fisioterapeuta.

## CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG

### Artigo 3. Matrícula do TFG

1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.
2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.
3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.
4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.
5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.  
Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

### Artigo 4. Realización do TFG

1. O TFG ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de Grao en Fisioterapia.
2. O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo

menos, un membro do PDI da titulación do Grao en Fisioterapia que conte con docencia maioritaria na mesma ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo.

3. Poderán establecerse codireccións con outros/as clínicos/as, docentes ou investigadores/as integrados na UDC ou noutras universidades e/ou centros de investigación e desenvolvemento, tanto nacionais como internacionais, sempre que o interese para a abordaxe do tema do TFG escollido polo/a estudante así o xustifique.
4. Funcións das persoas que dirixan TFG:
  - a) Expor ao estudante as características do TFG incluídas no presente regulamento, e orientalo no relativo á elaboración do mesmo.
  - b) Realizar un seguimento da elaboración do TFG, e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
  - c) Informar sobre a presentación e defensa do TFG, emitindo un informe final cunha cualificación de 0 a 10 puntos (Anexo I), que formará parte da cualificación final, sen que dito informe poida impedir a defensa do TFG por parte do estudantado.
  - d) Asesorar na presentación, exposición e defensa do TFG.
5. O tema do traballo poderá ser elixido libremente polo/a estudante, a condición de que faga referencia a algún dos contidos formativos incluídos nas materias do plan de estudos do Título de Grao en Fisioterapia, en consonancia coas competencias recollidas na ORDE CIN/2135/2008, do 3 de xullo.
6. Os temas que se propoñan para a realización do TFG, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos 6 créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos.
7. Unha vez seleccionado o tema, o/a estudante deberá cubrir o "**formulario tema do TFG**", dispoñible na páxina web da Facultade de Fisioterapia, de maneira complementaria ás actuacións que deban realizarse na plataforma oficial de xestión universitaria da UDC. Previamente, deberá comprobar na base de datos publicada que ningún outro/a estudante teña xa seleccionada esa mesma temática.
8. O/a estudante poderá elixir entre **5 tipos de traballo** propostos. No caso de que o/a estudante propoña a presentación dunha modalidade diferente de TFG, dita proposta deberá estar apoiada e xustificada polo/o director/a, quen

solicitará a súa ratificación por parte da Comisión Académica da Facultade de Fisioterapia.

- a) Revisión bibliográfica: esta modalidade pretende describir de forma actualizada o estado de coñecemento dun ámbito concreto da realidade de investigación sanitaria.
- b) Proxecto de investigación: o propósito é achegar información útil e aplicable para o desenvolvemento dun proxecto de investigación novo.
- c) Traballo de investigación: o obxectivo será comunicar os resultados orixinais derivados do proceso de investigación levado a cabo polo/a estudante. Aceptaríase dentro desta modalidade de TFG a realización dun estudo piloto.
- d) Caso clínico real: implica a exploración, intervención e seguimento dun caso clínico real, onde o/a estudante poida pór de manifesto as competencias adquiridas ao longo do seu proceso formativo.
- e) Aprendizaxe e servizo: é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado onde os participantes aprenden ao traballar en necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralo. En definitiva, a aprendizaxe-servizo é un método para unir o compromiso social coa aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprender a ser competentes sendo útiles aos demais.

9. O TFG deberá ter unha extensión dun mínimo de 25 e un máximo de 50 páxinas en formato DIN A4 e cos seguintes requisitos de maquetación:

- a) Tipo de letra: Arial
- b) Tamaño de letra: 11
- c) Interlineado: 1,5
- d) Marxes laterais: 2,5 cm.
- e) Marxes superior e inferior: 3 cm.

Aos efectos de considerar a extensión máxima, exclúense as páxinas destinadas aos apartados de Referencias bibliográficas e Anexos, sempre que estes últimos non incorporen contido esencial e nuclear do traballo.

10. O TFG poderá ser presentado en calquera das linguas oficiais da UDC (galego e español).

11. Estrutura e contidos do TFG:

- a) 1ª páxina: Portada. A portada constará do encabezamento “Traballo Fin de Grao. Grao en Fisioterapia”; seguido do título do traballo en español, galego e inglés; nome e apelidos do estudante autor do traballo; nome e apelidos do/a directora/a e oportunidade de presentación (ver Anexo II).

- b) 2ª páxina: Índice do TFG. Debe incluír índice de contidos, de táboas, de figuras e de abreviaturas (a extensión pode abarcar máis dunha páxina).
- c) 3ª páxina: resumo do traballo e palabras clave en idioma oficial da UDC.
- d) 4ª páxina: resumo do traballo e palabras clave en inglés.
- e) 5ª páxina: resumo do traballo e palabras clave na outra lingua oficial (Opcional).
- f) Os contidos do TFG variarán en función do tipo de traballo seleccionado (ver Anexos III, IV, V, VI e VII). O esquema de contidos do TFG poderá ser modificado cando a modalidade do traballo así o requira, sempre que o/a estudante conte co visto e praxe do/a director/a.

### **CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados**

#### **Artigo 5. Oferta e asignación do TFG**

1. A organización académica da materia TFG corresponde á Secretaría Académica da Facultade de Fisioterapia. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFG, determinado pola Xunta de Centro, é a Comisión Académica. A súa función principal será xestionar o conxunto do proceso relativo ao TFG e garantir a correcta aplicación do presente regulamento e da normativa xeral da UDC.
2. A oferta e asignación do TFG realizaranse a través da plataforma oficial de xestión universitaria da UDC, segundo o proceso que se detalla a continuación:
  - a) Durante o primeiro cuadrimestre, a Secretaría Académica da Facultade de Fisioterapia actualizará a listaxe de directores/as e liñas de traballo ofertadas, que se fará pública no Campus Virtual e na páxina web do centro.
  - b) Durante a primeira semana do segundo cuadrimestre terá lugar un seminario presencial no que se presentará a materia traballo fin de grao e se abrirá un prazo para que o estudantado poida solicitar a súa preferencia de director/a, en función da súa nota media de expediente académico. Excepcionalmente, e por motivos debidamente xustificadas, o centro poderá asignar un/unha director/a sen ter en conta a devandita nota media.
  - c) Os/as estudantes que participen ou teñan programada a súa participación nalgún programa de mobilidade ao longo do segundo cuadrimestre poderán solicitar, durante o mes de outubro, á Secretaría Académica a asignación extraordinaria dun/dunha director/a da súa elección, sempre que acrediten documentalmente o acordo previo. A Secretaría Académica resolverá estas solicitudes garantindo, en todo caso, a igualdade de oportunidades do

- estudantado para optar ás propostas de dirección ofertadas polo procedemento ordinario.
- d) A asignación realizarase pola Secretaría Académica no prazo máximo dunha semana. Unha vez publicada, o/a estudante deberá poñerse en contacto co/a seu/súa director/a coa maior brevidade posible para iniciar e planificar a realización do TFG.
3. Co fin de garantir que todo o estudiantado matriculado poida realizar e defender o TFG no período que lle corresponda segundo a súa matrícula, o centro asegurará que o procedemento de oferta e asignación de temas e directores/as se desenvolva coa antelación suficiente para permitir a planificación, realización e defensa do traballo dentro dos prazos establecidos no calendario académico.

### **Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos**

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.
2. O TFG necesariamente debe garantir a protección de datos de carácter persoal dos potenciais participantes, evitando a posibilidade de ser identificados. Tomaranse as oportunas medidas de tratamento de datos, imaxes ou outros arquivos audiovisuais seguindo o disposto na Lei Xeral de Sanidade (14/1986 de 25 de Abril) e a Lei 41/2002 de 14 de Novembro, reguladora esta última dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais ou os textos que eventualmente a actualicen ou substitúan. Ao mesmo tempo, serán solicitadas diferentes medidas para garantir a confidencialidade de aspectos relativos á oferta, realización, depósito ou defensa do TFG, de acordo ao protocolo establecido pola propia UDC.
3. Nas modalidades de TFG que se desenvolvan en contornas clínicas e sociosanitarias, será de aplicación o Plan de Prevención e Hixiene da Facultade de Fisioterapia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade, saúde e prevención de riscos das institucións e/ou entidades nas que se desenvolva o traballo.

## CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

### Artigo 7. Defensa do TFG

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes aos propios do TFG.  
No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.  
No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.
2. A defensa do TFG non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.
3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFG realizarase a través da plataforma oficial de xestión universitaria da UDC, de acordo coas seguintes directrices xerais:
  - a) O depósito e defensa do TFG deberán realizarse dentro do período establecido pola UDC para tal fin. As datas de entrega e defensa fixaranse coa suficiente antelación e serán debidamente publicadas no Campus Virtual da materia e na páxina web da Facultade de Fisioterapia. É responsabilidade do/a estudante coñecer e cumprir as das datas establecidas.
  - b) O/a estudante deberá entregar o TFG finalizado ao/á seu/súa director/a cunha antelación mínima de 10 días naturais respecto da data de depósito establecida polo centro. En caso contrario, o/a director/a poderá emitir unha cualificación de suspenso. Para os efectos do cómputo deste prazo, non se terán en conta os días correspondentes ao período vacacional do profesorado durante o mes de agosto.
  - c) O/a estudante deberá formalizar a solicitude de defensa na plataforma oficial de xestión universitaria da UDC e, posteriormente, proceder ao depósito do traballo, subíndoo en formato .pdf, dentro dos prazos establecidos, ao Campus Virtual da materia ou na plataforma oficial que se determine en cada convocatoria. A denominación do arquivo deberá seguir a seguinte estrutura: 1ºapelido\_2ºapelido\_nome\_xun20XX.pdf

4. Para a defensa e avaliación do TFG, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.
5. Para poder solicitar a defensa do TFG na convocatoria de febreiro, o/a estudante deberá ter asignado con carácter previo un/unha director/a responsable da supervisión do traballo.
6. As convocatorias de defensa do TFG realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente.
  - a) A Facultade de Fisioterapia, no exercicio da súa autonomía, establecerá para cada curso académico unha convocatoria de defensa e avaliación dos TFG no mes de xuño (primeira oportunidade) e no mes de setembro (segunda oportunidade); e outra convocatoria no mes de febreiro.
  - b) Garantirase que o estudiantado de grao que finalice a súa titulación no mes de xullo poida dispor do prazo de preinscrición ordinario nos mestrados universitarios, conforme ao establecido na normativa de preinscrición e matrícula da UDC.
  - c) En todo caso, respectaranse as datas límite de sinatura e entrega de actas fixadas no calendario académico oficial.
7. A defensa do TFG realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.
  - a) A sesión de defensa desenvolverase no espazo e horario establecidos pola Secretaría Académica.
  - b) A modalidade ordinaria de presentación e defensa recollida neste regulamento do Grao en Fisioterapia é a modalidade presencial.
  - c) Con carácter excepcional, e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitar a defensa do seu TFG en modalidade virtual. Para tal efecto, deberá presentar unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a decano/a, quen resolverá a petición unha vez verificado que concorren circunstancias legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen a modalidade solicitada. Esta solicitude deberá presentarse no momento de formalización da solicitude de defensa do TFG no período establecido.
8. A defensa dos TFG terá carácter individual e será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico. A comunicación oral constitúe a metodoloxía de defensa establecida, garantindo a presentación individual do traballo e a posibilidade de asistencia de público.
9. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de

avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFG, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFG.

## Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG

1. Os TFG serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin.
  - a) En cada convocatoria designaranse 2 tribunais de avaliación dos TFG.
  - b) As persoas membros do tribunal serán seleccionados/as pola Secretaría Académica durante o primeiro cuadrimestre e formarán parte do mesmo durante dúas convocatorias consecutivas: xuño (primeira oportunidade), setembro (segunda oportunidade) e febreiro.
  - c) A composición dos tribunais farase pública no Campus Virtual da materia e na páxina web do centro, e será comunicada ás persoas interesadas mediante correo electrónico.
  - d) A Secretaría Académica será a encargada de pór a disposición de todas as persoas membros do tribunal a copia electrónica, en formato .pdf, dos TFG que deban avaliar, no prazo máximo de 24 horas desde a finalización do prazo de depósito dos mesmos. Así mesmo, facilitará o informe de cualificación emitido polo/a director/a correspondente.
2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes.
  - a) As persoas integrantes do tribunal deberán ser membros do profesorado do centro ou dos departamentos que impartan docencia na titulación de Grao, e deberán ter docencia maioritaria no título.
  - b) O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal. Así mesmo, con fin de evitar posibles conflitos de interese nas avaliacións, as persoas integrantes do tribunal estarán exentas de dirixir TFG durante o curso académico correspondente.
3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as función de secretaria. O resto dos membros terán a consideración de vogais.
  - a) A designación dos membros titulares dos tribunais de traballo fin de grao realizarase mediante un sistema rotacional, co obxectivo de garantir a participación equitativa de todo o profesorado que cumpra os requisitos establecidos, así como de favorecer a alternancia nas función avaliadoras.
  - b) Poderán formar parte dos tribunais aqueles/as docentes que teñan dirixido TFG con anterioridade, asegurando deste xeito a experiencia académica necesaria para o adecuado desempeño das funcións de avaliación.

- c) A Presidencia do tribunal corresponderá, preferentemente, á persoa de maior categoría profesional e, en caso de igualdade, á de maior antigüidade. A Secretaría do tribunal será asignada pola Secretaría Académica.
- d) A Secretaría Académica designará mediante sorteo a varios/as suplentes, que poderán asumir as funcións de calquera membro do tribunal que, por ausencia ou causa de forza maior, non poida desempeñar o seu labor.
4. A cualificación de TFG será resultado da valoración dos seguintes criterios:
- a) Informe e cualificación do director/a (30%). O modelo de informe estará dispoñible no Campus Virtual da materia traballo fin de grao e na páxina web da Facultade de Fisioterapia.
- b) Cualificación da memoria de TFG por parte do tribunal (40%), resultante da avaliación dos seguintes elementos:
- Estrutura.
  - Cumprimento dos requisitos formais.
  - Adecuación dos contidos e dos aspectos metodolóxicos.
  - Transversalidade da aprendizaxe e adquisición de competencias por parte do/a estudante.
- c) Cualificación do proceso de exposición e defensa por parte do tribunal (30%).
- A suma das cualificacións obtidas nestes compoñentes dará lugar á nota final do/a estudante na materia. Co fin de garantir a homoxeneidade da avaliación, a Comisión Académica da Facultade de Fisioterapia, a proposta da Secretaría Académica, establecerá e revisará periodicamente os criterios específicos aplicables a cada un dos compoñentes da avaliación. Estes criterios faranse públicos no Campus Virtual da materia e na páxina web do centro, e actualizaranse cada curso académico na guía docente da materia, para coñecemento de todas as partes implicadas.
5. Os tribunais rexeranse na súa actuación acorde ás seguintes normas xerais:
- a) Os tribunais constituiranse cinco minutos antes da hora de convocatoria oficial do estudiantado no lugar establecido pola Secretaría Académica da defensa.
- b) Ao comezo da sesión, o/a secretario/a do tribunal fará pasar á totalidade dos/as estudantes convocados/as e dará lectura aos criterios de avaliación aplicables.
- c) O tribunal establecerá a orde de intervención. Poderanse ter en consideración as solicitudes xustificadas dos/as estudantes que precisen intervir en primeiro lugar por motivos laborais ou outras circunstancias que o tribunal estime oportunas.
- d) O/a secretario/a do tribunal chamará nominalmente aos/ás estudantes segundo a orde establecida. En caso de ausencia sen causa debidamente xustificada, considerarase que o/a estudante decae no seu dereito á defensa na convocatoria correspondente.

- e) O estudante disporá dun tempo mínimo de 15 e máximo de 25 minutos para a defensa do seu TFG. Este tempo incluírá unha exposición oral do traballo, cunha duración aproximada de 5 a 10 minutos, seguida dun debate ou quenda de preguntas co tribunal, cunha duración de 10 a 15 minutos.
  - f) Unha vez finalizadas todas as presentacións, o tribunal reunirse en sesión privada para deliberar e outorgar a cualificación final no prazo máximo de 30 minutos.
  - g) Finalizada a deliberación, convocarase novamente aos/ás estudantes e comunicarase a cualificación asignada a cada TFG.
6. No caso de que o/a estudante non estea conforme coa cualificación outorgada polo tribunal, poderá solicitar a revisión da súa nota no propio acto de publicación. De persistir o desacordo, poderá iniciar os procedementos establecidos na Normativa Académica de Avaliación, Revisión e Reclamación das Cualificacións dos Estudos de Grao e Mestrado Universitario vixente na UDC. No caso de que a cualificación sexa de suspenso, o tribunal emitirá un informe motivado coas recomendacións de mellora, que será remitido ao/á estudante e ao/á director/a do TFG coa maior brevidade posible.
7. Ao finalizar a actuación do tribunal, o/a secretario/a deberá:
- a) Remitir por medios electrónicos á Secretaría Académica a acta do tribunal e as fichas individuais de avaliación nas que se desglose a cualificación de cada traballo, empregando os modelos oficiais facilitados para tal efecto.
  - b) Introducir as cualificacións dos/as estudantes na plataforma oficial de xestión universitaria da UDC, así como proceder á sinatura dixital das actas correspondentes ás cualificacións dos/as estudantes avaliados/as polo seu tribunal.
  - c) As cualificacións faranse públicas de maneira inmediata no Campus Virtual da materia, utilizando o modelo de acta oficial correspondente.
8. En función da cualificación obtida no TFG, a Secretaría Académica propondrá para a súa publicación no Repositorio Institucional da UDC (RUC) aqueles traballos que acaden unha cualificación igual ou superior a 8,0 (Notable). A publicación no RUC estará condicionada á autorización expresa do/a estudante autor/a e realizarase con pleno respecto á normativa vixente en materia de propiedade intelectual e confidencialidade aplicable da UDC.
9. En relación a todo aquilo que non estea recollido na presente normativa, o tribunal actuará segundo a decisión que adopte o/a presidente/a do mesmo.

## **CAPÍTULO V. Disposición finais**

### **Disposición derogatoria. Derrogación normativa**

Quedan derogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento: Regulamento do Traballo Fin de Grado do Grao en Fisioterapia da Universidade da Coruña, aprobado en Xunta de Centro o 22 de decembro de 2023.

### **Disposición final primeira. Habilitación**

Facúltase ao decanato do centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas.

### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación a partir do curso académico seguinte ao da súa publicación.

A decana da Facultade de Fisioterapia da Universidade da Coruña

Dna. Sonia Souto Camba

## ANEXO I

### INFORME DO/O DIRECTOR/A TRABALLO FIN DE GRAO EN FISIOTERAPIA

Os directores/as dos Traballos fin de Grao (TFG) deberán informar necesariamente de forma previa á súa presentación por parte do/a estudante da idoneidade de devandito traballo. Este informe deberá ser cumprimentado, asinado e remitido electronicamente seguindo o procedemento habilitado para ese efecto e dentro dos prazos previstos en cada oportunidade.

Nome do director/a: \_\_\_\_\_

Nome do/a estudante: \_\_\_\_\_

#### CUALIFICACIÓN

FAVORABLE

NON FAVORABLE

NOTA (de 0 a 10):

**OBSERVACIÓNS** (será obrigatorio cumprimentar este apartado do informe coa correspondente motivación da cualificación outorgada)

Asdo. Prof. / Profa.:

ANEXO II – Portada



# TRABALLO FIN DE GRAO

---

## GRAO EN FISIOTERAPIA

### “Título do TFG en castelán”

*Título do TFG en inglés*

*Título do TFG en galego*



Facultade de  
Fisioterapia

**Estudante:** D./Dna. Nome e apelidos

**Director/a:** Prof./a. D./Dna. Dr./Dra. *Nome e apelidos*

**Oportunidade:** *Mes e ano*

## ANEXO III - Esquema de contidos revisión bibliográfica

CONTIDOS	OBSERVACIÓNS	EXTENSIÓN*
<b>1. Resumo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción/Antecedentes (opcional)</li> <li>- Obxectivo (xeral)</li> <li>- Material e método</li> <li>- Resultados</li> <li>- Conclusións</li> <li>- Palabras clave (3-5 palabras)</li> </ul>	1 folla en cada idioma
<b>2. Introducción</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.1 Tipo de traballo</li> <li>2.2 Motivación persoal</li> </ul>	1-2 follas aprox.
<b>3. Contextualización</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3.1 Antecedentes</li> <li>En relación á bibliografía publicada sobre o tema a estudo, mostrando o que se coñece e o que non, indo do xeral ao específico</li> <li>3.2 Xustificación do traballo</li> <li>Que achega, cal é o seu valor engadido, por que é importante a realización deste traballo...</li> </ul>	5-10 follas aprox.
<b>4. Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>4.1 Pregunta de investigación</li> <li>4.2 Obxectivos: xeral e específicos</li> </ul>	1-2 follas aprox.
<b>5. Material e método</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>5.1 Data da revisión e bases de datos</li> <li>5.2 Criterios de selección</li> <li>5.3 Estratexia de procura</li> <li>5.4 Xestión da bibliografía localizada</li> <li>5.5 Selección de artigos</li> <li>5.6 Variables de estudo</li> <li>5.7 Niveis de evidencia (opcional)</li> <li>5.8 Graos de recomendación (opcional)</li> </ul>	5-10 follas aprox.
<b>6. Resultados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoméndase incluír táboas resumen dos artigos seleccionados e analizar un mínimo de 10 artigos. O número podería ser inferior si está debidamente xustificado</li> </ul>	5-10 follas aprox.
<b>7. Discusión</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Discusión dos resultados obtidos.</li> <li>Limitacións do traballo</li> <li>Recomendacións (opcional)</li> </ul>	5-10 follas aprox.
<b>8. Conclusións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadas e dando resposta a cada un dos obxectivos expostos</li> </ul>	1-2 follas aprox.
<b>9. Bibliografía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estilo Vancouver ou APA. O traballo debería contar cun mínimo aproximado de 15 referencias</li> </ul>	2-4 follas aprox.
<b>10. Anexos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> </ul>	

\* A extensión dos apartados é orientativa, podendo variar en función dos requirimentos da temática seleccionada.

## ANEXO IV - Esquema de contidos traballo de investigación

CONTIDOS	OBSERVACIÓNS	EXTENSIÓN*
<b>1. Resumo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción/Antecedentes (opcional)</li> <li>- Obxectivo (xeral)</li> <li>- Material e método</li> <li>- Resultados</li> <li>- Conclusións</li> <li>- Palabras clave (3-5 palabras)</li> </ul>	1 folia en cada idioma
<b>2. Introducción</b>	2.1 Tipo de traballo 2.2 Motivación persoal	1-2 follas aprox.
<b>3. Contextualización</b>	3.1 Antecedentes En relación á bibliografía publicada sobre o tema a estudo, mostrando o que se coñece e o que non, indo do xeral ao específico 3.2 Xustificación do traballo Que achega, cal é o seu valor engadido, por que é importante a realización deste traballo...	4-5 follas aprox.
<b>4. Hipótese e obxectivos</b>	4.1 Pregunta de investigación 4.2 Hipóteses: nula e alternativa 4.3 Obxectivos: xeral e específicos	1-2 follas aprox.
<b>5. Metodoloxía</b>	5.1 Estratexia de documentación do traballo de investigación e procura bibliográfica 5.2 Tipo de estudo 5.3 Ámbito de estudo 5.4 Período de estudo 5.5 Plan de Traballo (opcional) 5.6 Criterios de selección 5.7 Xustificación do tamaño da mostra (admitense estudos pilotos con tamaños inferiores) 5.8 Asignación de participantes (aleatorización, grupos, ...) 5.9 Descrición das variables a estudar Recomendase incorporar táboas especificando as variables independentes e dependentes, e como se van a medir. 5.10 Medicións e intervención 5.11 Análise estatística (sería suficiente unha análise descritiva das variables de estudo) 5.12 Aspectos ético-legais 5.13 Memoria económica (opcional)	8-15 follas aprox.
<b>6. Resultados</b>	Recoméndase incluír táboas ou figuras que mostren os resultados de forma esquemática	4-8 follas aprox.
<b>7. Discusión</b>	Discusión dos resultados obtidos	4-8 follas aprox.
<b>8. Limitacións do estudo</b>	Posibles rumbos e limitacións detectadas	1 folia aprox.
<b>9. Aplicabilidade do estudo</b>	Achegas do estudo	1 folia aprox.
<b>10. Conclusións</b>	Achegas orixinais do auto	1-2 follas aprox.
<b>11. Bibliografía</b>	Estilo Vancouver ou APA	2-4 follas aprox.
<b>12. Anexos</b>	Opcional	

\* A extensión dos apartados é orientativa, podendo variar en función dos requirimentos da temática seleccionada.

## ANEXO V - Esquema de contidos proxecto de investigación

CONTIDOS	OBSERVACIÓNS	EXTENSIÓN*
<b>1. Resumo</b>	- Introducción/Antecedentes - Obxectivo (xeral) - Material y método - Palabras clave (3-5 palabras)	1 folia en cada idioma
<b>2. Introducción</b>	2.1 Tipo de traballo 2.2 Motivación persoal	1-2 follas aprox.
<b>3. Contextualización</b>	3.1 Antecedentes En relación á bibliografía publicada sobre o tema a estudo, mostrando o que se coñece e o que non, indo do xeral ao específico 3.2 Xustificación do traballo Que achega, cal é o seu valor engadido, por que é importante a realización deste traballo...	4-5 follas aprox.
<b>4. Hipótese e obxectivos</b>	4.1 Pregunta de investigación 4.2 Hipóteses: nula e alternativa 4.3 Obxectivos: xeral e específicos	1-2 follas aprox.
<b>5. Metodoloxía</b>	5.1 Estratexia de documentación do proxecto e procura bibliográfica 5.2 Tipo de estudo 5.3 Ámbito de estudo 5.4 Período de estudo 5.5 Criterios de selección 5.6 Xustificación do tamaño da mostra (poderíase expor un estudo piloto) 5.7 Asignación de participantes (aleatorización, grupos, ...) 5.8 Descrición das variables a estudar Recoméndase incorporar táboas especificando as variables independentes e dependentes, e como se van a medir 5.9 Medicións e intervención 5.10 Análise estatística dos datos (opcional) 5.11 Limitacións do estudo (rumbos)	8-15 follas aprox.
<b>6. Cronograma e plan de traballo</b>	Recoméndase incluír táboas ou figuras que mostren a información de forma esquemática	1-2 follas aprox.
<b>7. Aspectos ético-legais</b>	Comité ético, protección de datos, consentimento informado, ...	1-2 follas aprox.
<b>8. Aplicabilidade do estudo</b>	Aportacións do estudo	1 follas aprox.
<b>9. Plan de difusión dos resultados</b>	9.1 Congresos (opcional) 9.2 Revistas (opcional)	1-2 follas aprox.
<b>10. Memoria económica</b>	10.1 Recursos necesarios 10.2 Distribución do orzamento 10.3 Posibles fontes de financiamento (opcional)	2-3 follas aprox.
<b>11. Bibliografía</b>	Estilo Vancouver ou APA	2-4 follas aprox.
<b>12. Anexos</b>	Opcional	

\*A extensión dos apartados é orientativa, podendo variar en función dos requirimentos da temática seleccionada.

## ANEXO VI - Esquema de contidos proxecto aprendizaxe-servizo

CONTIDOS	OBSERVACIÓNS	EXTENSIÓN*
<b>1. Resumo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición da experiencia</li> <li>- Obxectivo (xeral)</li> <li>- Desenvolvemento da experiencia</li> <li>- Resultados da experiencia</li> <li>- Conclusións</li> <li>- Palabras clave (3-5 palabras)</li> </ul>	1 folla en cada idioma
<b>2. Introducción</b>	2.1 Tipo de traballo 2.2 Motivación persoal	1-2 follas aprox.
<b>3. Presentación e descrición da experiencia</b>	3.1 Información do proxecto <ul style="list-style-type: none"> <li>3.1.1 Titulación</li> <li>3.1.2 Materia ou materias (nas que se encadra a actividade)</li> <li>3.1.3 Curso e cuadrimestre</li> <li>3.1.4 Docente/s responsables.</li> <li>3.1.5 Tipo de experiencia de ApS               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Temática</li> <li>- Acción</li> </ul> </li> <li>3.1.6 Entidade/é receptora/s do servizo</li> <li>3.1.7 Destinatarios do servizo</li> <li>3.1.8 Participantes, colaboradores</li> </ul> 3.2 Antecedentes Descrición da situación e determinar un servizo socialmente necesario. Establecer as aprendizaxes vinculadas a devandito servizo.	4-10 follas aprox.
<b>4. Obxectivos</b>	4.1 Obxectivos: xeral e específicos	1-2 follas aprox.
<b>5. Desenvolvemento da experiencia</b>	5.1 Estratexia de documentación para a experiencia e procura bibliográfica 5.2 Cronograma do proxecto 5.3 Desenvolvemento da experiencia Detallar como foi o proceso de deseño e implantación da experiencia, o tipo de intervención que se realiza, xustificar a utilidade da mesma. Débese incluír material gráfico que evidencie o desenvolvemento do proxecto.	5-10 follas aprox.
<b>6. Adquisición de competencias, aprendizaxe e sistemas de avaliación</b>	6.1 Competencias adquiridas 6.2 Resultados de aprendizaxe 6.3 Sistemas de avaliación da experiencia 6.1 Competencias adquiridas 6.2 Resultados de aprendizaxe 6.3 Sistemas de avaliación da experiencia	2-8 follas aprox.
<b>7. Resultados de la experiencia</b>	Datos de participación, niveles de satisfacción, reflexiónes de los participantes, aspectos a mejorar, discusión, perspectivas de futuro,	4-8 follas aprox.
<b>8. Conclusións</b>	En relación aos obxectivos planeados. En relación aos obxectivos expostos	1-2 follas aprox.
<b>9. Bibliografía</b>	Estilo Vancouver ou APA.	2-4 follas aprox.
<b>10. Anexos</b>	Opcional	

\* A extensión dos apartados é orientativa, podendo variar en función dos requirimentos da temática seleccionada.

Enlace de apoio: [http://www.udc.es/ocv/Aprendizaxe\\_servizo/](http://www.udc.es/ocv/Aprendizaxe_servizo/)

## ANEXO VII - Esquema de contidos caso clínico

CONTENIDOS	OBSERVACIONES	EXTENSIÓN*
<b>1. Resumo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación do caso</li> <li>- Obxectivo (xeral)</li> <li>- Intervención</li> <li>- Resultados</li> <li>- Conclusións</li> <li>- Palabras clave (3-5 palabras)</li> </ul>	1 folla en cada idioma
<b>2. Introducción</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.1 Tipo de traballo</li> <li>2.2 Motivación persoal</li> </ul>	1-2 follas aprox.
<b>3. Contextualización e Presentación do caso</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3.1 Contextualización. Descrición da disfunción e patoloxía en relación á bibliografía publicada, mostrando o que se coñece e o que non, indo do xeral ao específico.</li> <li>3.2 Anamnese. Debe incluír datos ou características do paciente, diagnóstico médico, probas complementarias, ...</li> <li>3.3 Avaliación inicial. Detallando e xustificando as probas, test ou métodos empregados durante a mesma</li> <li>3.4 Diagnóstico de Fisioterapia</li> <li>3.5 Prognóstico</li> <li>3.6 Consideracións éticas (consentimento informado do paciente)</li> </ul>	5-10 follas aprox.
<b>4. Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>4.1 Obxectivos: xeneral e específicos</li> </ul> Poderíanse estruturar en base ás diferentes fases nas que se atopa o cadro clínico	1-2 follas aprox.
<b>5. Intervención</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>5.1 Cronograma da intervención</li> </ul> Núm. de sesións, datas e duración das mesmas. <ul style="list-style-type: none"> <li>5.2 Descrición da intervención</li> </ul> Descrición detallada das técnicas e métodos empregados durante a intervención, estruturadas en base aos obxectivos perseguidos. Xustificación do seu emprego en base á bibliografía existente e evidencia, aclarando o seu mecanismo de acción. Datos de seguimento. Recoméndase incluír imaxes e fotos dos procedementos aplicados, tendo en conta a lei de protección de datos de carácter persoal <ul style="list-style-type: none"> <li>5.3 Recomendacións</li> </ul> Elementos de educación sociosanitaria, traballo activo en domicilio, recomendacións, ... <ul style="list-style-type: none"> <li>5.4 Outras intervencións dentro do equipo multidisciplinar</li> </ul>	5-10 follas aprox.
<b>6. Resultados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Avaliación final. Detallando e xustificando as probas, test ou métodos empregados durante a mesma</li> </ul>	2-10 follas aprox.
<b>7. Discusión</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Discusión dos resultados obtidos</li> <li>Limitacións</li> <li>Recomendacións (opcional)</li> <li>Formulación de intervención futura (opcional)</li> </ul>	4-8 follas aprox.
<b>8. Conclusións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>En relación aos obxectivos planeados. En relación aos obxectivos expostos</li> </ul>	1-2 follas aprox.
<b>9. Bibliografía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estilo Vancouver ou APA</li> </ul>	2-4 follas aprox.
<b>10. Anexos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> </ul>	

\* A extensión dos apartados é orientativa, podendo variar en función dos requirimentos da temática seleccionada.